

Crear unha disposición en “U”



Esta estrutura é adecuada para postas en común, debates, reflexións grupais e, en xeral, para as sesións de titoría, nas que as dinámicas de lapis e papel individuais ocupan unha menor parte do tempo. Con esta disposición a comunicación ocorre de forma máis fluída e elimínanse as barreiras que supoñen as mesas para a comunicación non verbal, quedando patente a actitude de cada alumna, de cada alumno e facilítase a existencia de espazos para levar a cabo dinámicas grupais.

COMO FORMAR DE MANEIRA ORDEADA A DISPOSICIÓN EN “U”

- A alumna ou alumno da primeira fila que está máis próximo á parede dereita comeza, coloca a súa mesa pegada á parede e aparta a súa cadeira para que o seguinte poida facer o propio a continuación, ata chegar á metade da primeira fila.
- Este alumnado que xa recolleu a súa mesa agarda ó carón dela para axudar aos da segunda fila, que porán as súas mesas sobre as deles, de pé, sen voltear para que non caian os obxectos que poidan ter no seu caixón.
- O alumnado da terceira fila coloca as mesas a continuación, o da cuarta fila sobre as mesas dos da terceira e así sucesivamente, ata que a metade dereita da clase queda recollida.
- O alumnado da metade esquerda da clase comeza recoller de igual modo.
- Unha vez rematan, colocan a súa cadeira no espazo que se creou, formando unha “U”.

COMO DEVOLVER A CLASE Á SÚA POSICIÓN INICIAL

Faise o proceso inverso:

- Cada alumno/a aparta a súa cadeira ao espazo que se atopa diante do encerado e agardarán alí a súa quenda.
- O alumnado do medio da última fila recolle a súa mesa e a colocan no seu lugar, con axuda do igual que senta ó seu carón. Colocan a mesa do igual que era axudante e volven co demais alumnado.
- É a quenda da seguinte parella, ata que se completan as dúas últimas filas.
- Faise o mesmo ata completar tódalas filas da aula.
- Unha vez están todas as mesas no seu lugar, cada alumna/o coloca a súa cadeira.

APRENDEMOS COA DINÁMICA

- Para a seguinte sesión, cando xa puidestes comprobar como solucionar os problemas de espazo e colocación en forma de “U” de forma óptima, poden comezar á vez o alumnado colocado nos extremos da primeira fila.
- E, como todo proceso leva parella unha oportunidade para a aprendizaxe, poderíase medir os tempos que tardan en facelo, para desta forma ir vendo o efecto que a práctica ten sobre o resultado. Poderán propoñer melloras ó proceso e comprobar como ó principio o que acaba sendo unha mellora, pode ser que retarde os tempos, pola falta de práctica e avaliar o que son boas ideas (as que acaban mellorando tempos ou facilitando tarefas) das que non o son (tras implementalas non se observan melloras nin en tempos nin en mellora das dificultades no proceso).

Gracias!!

atrote
RECURSOS EDUCATIVOS